

# **ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE TRASPLANTADOS DE MÉDULA ÓSEA PARA REALIZAR ACTIVIDADES DE APOIO ÁS PERSOAS QUE PADECEN UN PROCESO ONCOLÓXICO NO ÁMBITO DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE FERROL**

Ferrol, 11 de outubro de 2019

## **REUNIDOS**

**DUNHA PARTE:** don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 41/2013, do 21 de febreiro e o Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen respectivamente as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**E DOUTRA,** dona Cristina Piñeiro Couce, con DNI nº 32691659-B, Presidenta da Asociación Gallega de Trasplantados de Médula Ósea (ASOTRAME), actuando en nome e representación desta.

## **EXPOÑEN**



**PRIMEIRO.-** O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



En virtude do Decreto 168/2010, do 7 de outubro, creáronse as estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 199, do 05.10.2010), establecendo as áreas de xestión integrada como instrumento de organización no ámbito periférico do Servizo Galego de Saúde, asumindo a xestión funcional dos recursos, as prestacións e os programas de atención sanitaria, sociosanitaria e de promoción e protección á saúde na zona de influencia.

Desenvolvendo o dito decreto ditouse a Orde do 28 de setembro de 2011 (DOG nº 188, do 30.09.2011), pola que se establece a estrutura organizativa de xestión integrada de Ferrol.

**SEGUNDO.-** Dentro do área de referencia de Ferrol, o Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol atende pacientes con tratamentos que implican unha longa estadía hospitalaria e en ocasións, a necesidade de permanecer desprazadas a importante distancia do seu domicilio.

Acompañar a un familiar aqueixado por unha enfermidade grave que implique un longo período de hospitalización, cando ademais non se dispón de domicilio nin apoio familiar na cidade na que está ingresado, pode supoñer un esforzo tanto vital como económico moi complicado de asumir.

Na Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol, a información e asesoramento sobre recursos sociosanitarios a realiza o Servizo de Traballo Social. As asociacións de pacientes teñen un papel destacado ao longo de todo o proceso asistencial, que pode complementar os esforzos realizados polos servizos clínicos.

**TERCEIRO.-** A Asociación ASOTRAME está orientada á mellora da calidade de vida das persoas transplantadas de medula ósea ou inmersas nun proceso de cancro hematolóxico ou outros tumores, e tamén dos seus familiares. Para acadar estes fins, como obxectivos, establece a colaboración en proxectos de investigación contra o cancro, as actividades de información e sensibilización ao conxunto da poboación sobre a importancia de doar medula ósea e proporcionar información, asesoramento e soporte emocional a pacientes con cancro hematolóxico e outros tipos de tumores e as súas familias.

**CUARTO.-** Os obxectivos da asociación ASOTRAME inclúen, polo tanto, o apoio ao paciente e súa familia, poñendo en marcha servizos orientados a complementar o traballo que se realiza dende o sistema sanitario e que busca mellorar a calidade de vida do paciente e do seu entorno, durante o proceso asistencial.

Para tal finalidade organízanse actividades de:

- Asesoramento a pacientes e familiares sobre o proceso e as necesidades de pacientes con transplante de medula ósea.
- Vivenda de estancia temporal para pacientes e familiares.
- Promoción de iniciativas que melloren a calidade de vida de pacientes e coidadores.

E, de modo xenérico, levando a cabo calquera clase de actuacións que sexan conducentes ao mellor logro dos fins fundacionais e á maior eficacia da acción da Asociación.

Por resultar de interese para o Servizo Galego de Saúde o contido dos proxectos da Asociación ASOTRAME, ambas partes, de mutuo acordo, deciden formalizar o presente acordo de colaboración de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto

O presente acordo ten por obxecto regular a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a asociación ASOTRAME coa finalidade de desenvolver, no ámbito da Xerencia de Xestión integrada de Ferrol, actividades de apoio ás persoas transplantadas de medula ósea ou inmersas nun proceso de cancro hematolóxico ou outros tumores e ás súas familias.

### SEGUNDA.- Compromisos asumidos por ASOTRAME

A Asociación, como proxecto para familias desprazadas, comprométese a poñer a disposición unha vivenda de estancia temporal para pacientes e familiares:

A vivenda, sita na Rúa Camelias, nº 3, 1ºD, A Coruña, está perfectamente equipada, e suma un total de 3 prazas (unha cama e un sofá) que estarán a disposición dunha familia os 365 días do ano.

### TERCEIRA.- Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias da estancia na vivenda as familias, con integrantes atendidos no Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol que padezan enfermidades oncolóxicas de longa duración, altamente limitantes, e teñan que acudir á Xerencia de Xestión da Coruña para recibir un tratamento específico. Non é requisito imprescindible para recibir esta axuda a baixa capacidade económica, aínda que darase prioridade ás familias con menos recursos económicos ou persoais.

Estas familias disporán plenamente da vivenda durante todo o tempo que dure a hospitalización dos seus familiares na Eoxi da Coruña, co fin de garantir o seu descanso, aseo e manutención nun entorno acolledor o máis parecido posible ao seu fogar.

### CUARTA.- Compromisos asumidos polo Servizo Galego de Saúde

As solicitudes para dispoñer da vivenda se canalizarán a través dos servizos de traballo social da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol, que son os servizos de referencia para a información e avaliación sociosanitaria, e que informarán da

colaboración da asociación ASOTRAME e dos recursos dispoñibles. Os médicos do Servizo de Hematoloxía tamén poden informar deste recurso aos pacientes e familiares que podan estar interesados nesta axuda.

Cada unha das solicitudes de axuda recibidas pola Asociación será avaliadas individualmente pola súa Dirección, quen finalmente decidirá ou aprobará sobre a súa viabilidade.

No caso de contacto directo de persoas usuarias coa asociación ASOTRAME ou en supostos de utilizacións previas ao ingreso hospitalario, unha vez producido este, se informará ao servizo de traballo social da disposición, ao fin de que conste no mapa de recursos do/a usuario/a.

#### QUINTA.- Financiamento

Todas as actuacións cuxa execución comporte o presente acordo serán financiadas integramente con cargo aos fondos da Asociación ASOTRAME e en ningún caso suporán incremento de gasto para o Servizo Galego de Saúde.

#### SEXTA.- Persoal

A subscrición do presente acordo non implicará relación contractual ou de servizo entre o Servizo Galego de Saúde e as persoas ou profesionais que por parte de ASOTRAME desenvolvan as actividades relacionadas co o seu obxecto.

#### SÉTIMA.- Comisión de Seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste acordo e que poda propoñer a resolución das controversias xurdidas como consecuencia da súa execución.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables. A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

#### OITAVA.- Réxime xurídico

Este acordo ten natureza administrativa rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo. As dúbidas e controversias que xurdan con motivo da interpretación e aplicación do acordo e que non poidan ser resoltas no seo da Comisión de Seguimento, resolveranse ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### NOVENA.- Vixencia



Este acordo entrará en vigor o día da súa sinatura.

A duración deste acordo será dun ano, podendo prorrogarse de mutuo acordo das partes por períodos anuais, sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público .

DÉCIMA.- Son causas de resolución do presente acordo:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes.
- c) O transcurso do tempo estipulado de duración do mesmo.
- d) O final da dispoñibilidade do recurso por parte da Asociación ASOTRAME, que comunicará con, alomenos, quince (15) días de antelación dito cese á Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol

UNDÉCIMA.- Transparencia

A firma deste acordo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

E, en proba de conformidade, ambas partes asinan por triplicado exemplar, na data e lugar indicados anteriormente,

Polo Servizo Galego de Saúde  
(P.D. de sinatura do 05/09/2019)  
Xerente de Xestión Integrada de  
Ferrol

Ángel José Facio Villanueva



Por ASOTRAME

Cristina Piñeiro Couce

